



CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

En cumprimento do indicado no artigo 44.2 e 46.2 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, ponse en público coñecemento o Decreto da Alcaldía n.º 453, de data 29 de xuño de 2023, que literalmente di:

Logo da Constitución da Corporación o día 17 de xuño de 2023 e téndose efectuado a toma de posesión do cargo da Alcaldía do Concello de Alfoz na mesma sesión.

Visto que, de conformidade co artigo 23 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime local (LBRL), a Alcaldía pode delegar o exercicio de determinadas atribucións aos Tenientes de Alcalde cando non exista Xunta de Goberno Local.

De conformidade co artigo 43 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, as delegacións competenciais poden ser xenéricas (referidas a unha ou varias áreas ou materias determinadas, poidéndose adaptar aos servizos que se presten no concello), ou especiais (para cometidos específicos, que se pode realizar en favor de calqueira concelleiro).

Visto que as delegacións xenéricas poden abarcar tanto a facultade de **xestionar** os servizos (entendendo por xestión a planificación), a facultade de **dirixir** (executar o planificado) e a facultade de **resolver** mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Visto que se a resolución de delegación se refire xenéricamente a unha materia ou sector de actividade, sen especificar as potestades, se entenderá que comprende todas as facultades indicadas (dirección, xestión e resolución), dereitos e deberes referidos á materia delegada, coa excepción das que a LBRL indica como indelegables.

Por outra banda, O Alcalde poderá efectuar delegacións especiais en calqueira concelleiro para a dirección e xestión de asuntos determinados incluídos nas áreas que xa foron obxecto de delegación xenérica, e neste caso, o Concelleiro que ostente a delegación xenérica terá a facultade de supervisar a actuación dos concelleiros con delegacións especiais para cometidos específicos engadidos na súa área.

De conformidade co artigo 46.2 do ROF: 2. En los municipios con Comisión de Gobierno el número de Tenientes de Alcalde no podrá exceder del número de miembros de aquélla. En aquellos otros en que no exista tal Comisión, el número de Tenientes de Alcalde no podrá exceder del tercio del número legal de miembros de la Corporación. A los efectos del cómputo no se tendrán en cuenta los decimales que resulten de dividir por tres el número total de Concejales.

Á vista do exposto, e a fin de dotar de seguridade xurídica ao reparto competencial entre a Alcaldía e a Tenencia de Alcaldía e concelleiros para mellorar a eficacia e celeridade nas actuacións municipais, esta Alcaldía, en exercicio das competencias legalmente atribuídas polos artigos 21 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 61 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, e de conformidade co establecido no artigo 46.1 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, RESOLVIN:

PRIMEIRO.-

- 1.1.- Nomear Primeiro Teniente de Alcalde ao Concelleiro Don Jorge Val Díaz.
- 1.2.- Nomear Segundo Teniente de Alcalde ao concelleiro Don Eliseo Lorenzo García.
- 1.3.- Nomear Terceira Teniente de Alcalde á Concelleira Dona Ana Aránzazu Incera Ares.

Aos Tenientes de Alcalde, en canto tal, corresponderálle substituír a esta Alcaldía, pola orde do seu nomeamento, na totalidade das súas funcións en casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite para o exercicio das súas funcións, así como desempeñar as funcións do Alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde.

SEGUNDO.- Conferir as seguintes delegacións :

2.1.- Efectuar a favor do **Primeiro Teniente de Alcalde**, Don Jorge Val Díaz, delegación **xenérica**, engadidas as facultades de xestionar, dirixir e resolver mediante actos administrativos con eficacia fronte a terceiros, nas áreas adscritas á **Delegación da Concellería de Servizos e Infraestructuras (abastecemento de augas, saneamento, alumeado, vías públicas, e mantemento de infraestructuras vinculadas coas anteriores)**.

A delegación xenérica comprende, entre outros:

- a) A programación das políticas municipais nas materias da súa competencia.
- b) A representación e inspección da Concellería da que é titular.
- c) A dirección do persoal adscrito aos servizos referidos.
- d) O exercicio da potestade sancionadora e do seu procedemento no ámbito das competencias da súa Concellería, cando sexan de competencia da Alcaldía.
- e) Dictar instrucións e notas informativas.
- f) Celebración de convenios con outras entidades de dereito público e Administracións para o desenvolvemento e execución das competencias propias da súa concellería, cando sexa da súa competencia por razón da cuantía.
- g) A aceptación e sinatura de declaracións ou documentos solicitados polas Administracións Públicas no ámbito da normativa de concesión de subvencións.
- h) Acordar a conclusión e arquivo dos expedientes ultimados en todos os seus trámites en materias propias da súa competencia.
- i) Garantir o cumprimento de ordenanzas, regulamentos, bandos e demais disposicións no ámbito da súa delegación.
- l) Prestación de conformidade coas facturas, certificacións ou documentos análogos en relación coas obras, servizos ou subministros e as demais prestacións contratadas no ámbito das súas respectivas delegacións.
- m) As competencias como órgano de contratación de conformidade coa disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público ou norma que a substitúa, no ámbito das dúas respectivas delegacións.
- n) Dictado de directrices no eido de materia de acceso de información pública municipal e publicidade activa, en materias propias da súa competencia.
- o) Supervisión e xestión da solicitude, tramitación e xustificación de financiación externa ou subvencións de outras Administracións Públicas no ámbito das súas delegacións.

2.2.- Efectuar a favor do **Segundo Teniente de Alcalde**, Don Eliseo Lorenzo García, delegación **xenérica**, engadidas as facultades de xestionar, dirixir e resolver mediante actos administrativos con eficacia fronte a terceiros, nas áreas adscritas á **Delegación da Concellería de Educación, Igualdade e Participación (Educación, Igualdade, Xuventude, Deportes, Festas e Asociacións)**.

A delegación xenérica comprende, entre outros:

- a) A programación das políticas municipais nas materias da súa competencia.
- b) A representación e inspección da Concellería da que é titular.
- c) A dirección do persoal adscrito aos servizos referidos.
- d) O exercicio da potestade sancionadora e do seu procedemento no ámbito das competencias da súa Concellería, cando sexan de competencia da Alcaldía.
- e) Dictar instrucións e notas informativas.
- f) Celebración de convenios con outras entidades de dereito público e Administracións para o desenvolvemento e execución das competencias propias da súa concellería, cando sexa da súa competencia por razón da cuantía.
- g) A aceptación e sinatura de declaracións ou documentos solicitados polas Administracións Públicas no ámbito da normativa de concesión de subvencións.
- h) Acordar a conclusión e arquivo dos expedientes ultimados en todos os seus trámites en materias propias da súa competencia.
- i) Garantir o cumprimento de ordenanzas, regulamentos, bandos e demais disposicións no ámbito da súa delegación.
- l) Prestación de conformidade coas facturas, certificacións ou documentos análogos en relación coas obras, servizos ou subministros e as demais prestacións contratadas no ámbito das súas respectivas delegacións.

m) As competencias como órgano de contratación de conformidade coa disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público ou norma que a substitúa, no ámbito das dúas respectivas delegacións.

n) Dictado de directrices no eido de materia de acceso de información pública municipal e publicidade activa, en materias propias da súa competencia.

o) Supervisión e xestión da solicitude, tramitación e xustificación de financiación externa ou subvencións de outras Administracións Públicas no ámbito das súas delegacións.

2.3.- Efectuar a favor da **Terceira Teniente de Alcalde**, Dona Ana Aránzazu Incera Ares, delegación **xenérica**, engadidas as facultades de xestionar, dirixir e resolver mediante actos administrativos con eficacia fronte a terceiros, nas áreas adscritas á **Delegación da Cultura**.

A delegación xenérica comprende, entre outros:

a) A programación das políticas municipais nas materias da súa competencia.

b) A representación e inspección da Concellería da que é titular.

c) A dirección do persoal adscrito aos servizos referidos.

d) O exercicio da potestade sancionadora e do seu procedemento no ámbito das competencias da súa Concellería, cando sexan de competencia da Alcaldía.

e) Dictar instrucións e notas informativas.

f) Celebración de convenios con outras entidades de dereito público e Administracións para o desenvolvemento e execución das competencias propias da súa concellería, cando sexa da súa competencia por razón da cuantía.

g) A aceptación e sinatura de declaracións ou documentos solicitados polas Administracións Públicas no ámbito da normativa de concesión de subvencións.

h) Acordar a conclusión e arquivo dos expedientes ultimados en todos os seus trámites en materias propias da súa competencia.

i) Garantir o cumprimento de ordenanzas, regulamentos, bandos e demais disposicións no ámbito das súa delegación.

l) Prestación de conformidade coas facturas, certificacións ou documentos análogos en relación coas obras, servizos ou subministros e as demais prestacións contratadas no ámbito das súas respectivas delegacións.

m) As competencias como órgano de contratación de conformidade coa disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público ou norma que a substitúa, no ámbito das dúas respectivas delegacións.

n) Dictado de directrices no eido de materia de acceso de información pública municipal e publicidade activa, en materias propias da súa competencia.

o) Supervisión e xestión da solicitude, tramitación e xustificación de financiación externa ou subvencións de outras Administracións Públicas no ámbito das súas delegacións.

2.4.- Efectuar a favor da Concelleira **Judit Casabella Pardeiro**, delegación **xenérica**, engadidas as facultades de xestionar, dirixir e resolver mediante actos administrativos con eficacia fronte a terceiros, nas áreas adscritas á **Delegación da Concellería de Desenvolvemento Local (promoción económica, comercio, Medio rural, Agricultura, gandería e Sector forestal)**.

A delegación xenérica comprende, entre outros:

a) A programación das políticas municipais nas materias da súa competencia.

b) A representación e inspección da Concellería da que é titular.

c) A dirección do persoal adscrito aos servizos referidos.

d) O exercicio da potestade sancionadora e do seu procedemento no ámbito das competencias da súa Concellería, cando sexan de competencia da Alcaldía.

e) Dictar instrucións e notas informativas.

f) Celebración de convenios con outras entidades de dereito público e Administracións para o desenvolvemento e execución das competencias propias da súa concellería, cando sexa da súa competencia por razón da cuantía.

g) A aceptación e sinatura de declaracións ou documentos solicitados polas Administracións Públicas no ámbito da normativa de concesión de subvencións.

h) Acordar a conclusión e arquivo dos expedientes ultimados en todos os seus trámites en materias propias da súa competencia.

- i) Garantir o cumprimento de ordenanzas, regulamentos, bandos e demais disposicións no ámbito das súa delegación.
- l) Prestación de conformidade coas facturas, certificacións ou documentos análogos en relación coas obras, servizos ou subministros e as demais prestacións contratadas no ámbito das súas respectivas delegacións.
- m) As competencias como órgano de contratación de conformidade coa disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público ou norma que a substitúa, no ámbito das dúas respectivas delegacións.
- n) Dictado de directrices no eido de materia de acceso de información pública municipal e publicidade activa, en materias propias da súa competencia.
- o) Supervisión e xestión da solicitude, tramitación e xustificación de financiación externa ou subvencións de outras Administracións Públicas no ámbito das súas delegacións.

2.5.- Efectuar a favor do concelleiro Don Cándido Paleo Rejes, delegación **xenérica**, engadidas as facultades de xestionar, dirixir e resolver mediante actos administrativos con eficacia fronte a terceiros, nas áreas adscritas á **Delegación da Concellería de Medio Ambiente (Medio Ambiente e xestión de residuos)**.

A delegación xenérica comprende, entre outros:

- a) A programación das políticas municipais nas materias da súa competencia.
- b) A representación e inspección da Concellería da que é titular.
- c) A dirección do persoal adscrito aos servizos referidos.
- d) O exercicio da potestade sancionadora e do seu procedemento no ámbito das competencias da súa Concellería, cando sexan de competencia da Alcaldía .
- e) Dictar instrucións e notas informativas.
- f) Celebración de convenios con outras entidades de dereito público e Administracións para o desenvolvemento e execución das competencias propias da súa concellería, cando sexa da súa competencia por razón da cuantía.
- g) A aceptación e sinatura de declaracións ou documentos solicitados polas Administracións Públicas no ámbito da normativa de concesión de subvencións.
- h) Acordar a conclusión e arquivo dos expedientes ultimados en todos os seus trámites en materias propias da súa competencia.
- i) Garantir o cumprimento de ordenanzas, regulamentos, bandos e demais disposicións no ámbito das súa delegación.
- l) Prestación de conformidade coas facturas certificacións ou documentos análogos en relación coas obras, servizos ou subministros e as demais prestacións contratadas no ámbito das súas respectivas delegacións.
- m) As competencias como órgano de contratación de conformidade coa disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público ou norma que a substitúa, no ámbito das dúas respectivas delegacións.
- n) Dictado de directrices no eido de materia de acceso de información pública municipal e publicidade activa, en materias propias da súa competencia.
- o) Supervisión e xestión da solicitude, tramitación e xustificación de financiación externa ou subvencións de outras Administracións Públicas no ámbito das súas delegacións.

TERCEIRO.- As atribucións delegadas se deberán exercer nos términos e dentro dos límites de ésta delegación, non sendo susceptibles de ser delegadas polos seus titulares en outro órgano ou concelleiro.

CUARTO.- O presente Decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura.

QUINTO.- Dar conta da presente aos Concelleiros afectados, con indicación de que, si no prazo de tres días hábiles dende a recepción da notificación pola que se dé traslado da presente non formulan renuncia, se entenderá tácitamente aceptada.

Esta delegación ten carácter indefinido para a presente lexislatura, sen perxucio da potestade de avocación desta Alcaldía.

En caso de ausencia, vacante, enfermidade o calqueira outro impedimento dos Concelleiros delegados, esta Alcaldía asumirá, directa e automaticamente, as competencias delegadas, como titular da competencia orixinaria, entendéndose a estos efectos exercitada a potestade de avocación en base á presente resolución, sen necesidade dunha nova resolución expresa neste sentido.

SEXTO.- Dar conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre, e publíquese no BOP de Lugo e na sede electrónica do Concello.

SEPTIMO.- Os procedementos iniciados con anterioridade ao presente Decreto por órganos distintos dos competentes de conformidade co mesmo, continuarán a súa tramitación e serán resoltos polo órgano competente de conformidade co reparto competencial recollido na presente.

Alfoz, a 29 de xuño de 2023.- A Alcaldesa, Efigenia Maseda Paz.

R. 2080

ANTAS DE ULLA

Anuncio

PLENO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CONCELLO DE ANTAS DE ULLA

O Concello de Antas de Ulla, en sesión extraordinaria de pleno celebrada o 27 de xuño de 2023, acadou os seguintes acordos organizativos que se publican en extracto en cumprimento da normativa vixente:

PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO E ASIGNACIÓNS POR ASISTENCIAS.

[...]

1.- Periodicidade e horario das sesións plenarias ordinarias: o Concello en Pleno celebrará sesións ordinarias o último xoves dos meses de xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro (periodicidade bimensual), ás 20:00 horas.

2.- Facultar á Sra. Alcaldesa, por propia iniciativa ou a instancia dos Portavoces dos Grupos Políticos, a variar xustificadamente a data de celebración da sesión ordinaria, adiantando ou retrasando a súa celebración.

3.- A asignación por asistencia ascenderá á contía de sesenta euros (60,00 €).

ASIGNACIÓNS POR ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL E Á COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS.

[...]

1.- A asignación por asistencia á Xunta de Goberno Local e á Comisión Especial de Contas ascenderá á contía de sesenta euros (60,00 €).

DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

[...]

ÚNICO.- Que o pleno conserve a totalidade das súas competencias.

APROBACIÓN DA PROPOSTA DE CREACIÓN DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS.

[...]

1.- Crear a Comisión Especial de Contas.

2.- Que, de acordo coa normativa aplicable, a composición da Comisión Especial de Contas sexa de dous concelleiros, máis a alcaldesa, que ostentará a Presidencia, formando parte da mesma 1 concelleiro do Grupo do PSdG-PSOE e 1 concelleiro do Grupo do Partido Popular.

Os membros do Grupo do PSdG-PSOE que formarán parte da Comisión Especial de Contas son:

- Presidenta: D.^a María del Pilar García Porto.
- Vogal: D. José Manuel Quintá Rojo.

Polo Grupo do Partido Popular o compoñente designado para formar parte desta Comisión é D. Javier Varela Pérez.

NOMEAMENTO DO REPRESENTANTE DO CONSELLO ESCOLAR: D.^a MARÍA PILAR GARCÍA PORTO.

Noméase a D.^a María Pilar García Porto, como representante do Concello no Consello Escolar CEIP de Antas de Ulla.

DEDICACIÓNS CONCELLEIROS.

[...]

PRIMEIRO. Determinar que os cargos de Alcaldía – Presidencia así como un dos Concelleiros delegados membros desta Corporación, que desenvolva responsabilidades que así o requiran, realicen as súas funcións en réxime de dedicación parcial, ao 50 %, polos seguintes motivos:

Alcaldesa- Presidenta: Considérase, á vista da necesidade de atención ás diversas áreas e servizos municipais, que é precisa unha presenza efectiva mínima no Concello de 18,75 horas semanais, aos efectos de levar a cabo as funcións e competencias da Alcaldía da Corporación.

Concelleiro – Delegado: Considérase, á vista dos proxectos a desenvolver, que será precisa a presenza efectiva mínima no Concello, de 1 dos Concelleiros – Delegados membros da Corporación, de 18,75 horas semanais, aos efectos de desenvolver as responsabilidades que se lle requiran.

SEGUNDO. Establecer a favor dos membros da Corporación que desempeñen os seus cargos en réxime de dedicación parcial, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e os dous restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e dalos de alta no réxime xeral da Seguridade Social, debendo asumir esta Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda.

— O cargo de Alcaldesa- Presidenta percibirá unha retribución anual bruta de 23.232,01 €.

— O cargo de Concelleiro Delegado membro desta Corporación, que desenvolva responsabilidades que así o requiran, percibirá unha retribución anual bruta de 23.232,01 €.

TERCEIRO. Publicar de forma íntegra no Boletín Oficial da Provincia o Acordo do Pleno, aos efectos do seu xeral coñecemento.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

CUARTO. Notificar o devandito Acordo aos interesados e ao Servizo de persoal e intervención para o seu coñecemento e efectos.

ASIGNACIÓN MENSUAL GRUPOS POLÍTICOS E CONCELEIROS.

Fíxase unha asignación de corenta euros (40,00 €), mensuais, por cada grupo político e unha asignación de sesenta euros (60,00 €), mensuais, por cada concelleiro.

Antas de Ulla, a 28 de xuño de 2023.- A alcaldesa, María Pilar García Porto.

R. 2081

Anuncio

DECRETOS ORGANIZATIVOS DO CONCELLO DE ANTAS DE ULLA

A Alcaldesa do Concello de Antas de Ulla, con data 22 de xuño de 2023, ditou os seguintes decretos organizativos que se publican en extracto en cumprimento da normativa vixente:

DECRETO DE CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

[...]

PRIMEIRO. Nomear membros da Xunta de Goberno Local aos seguintes Concelleiros:

- D. José Manuel Quintá Rojo
- D. José Ouro Mariño

SEGUNDO. Establecer as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, que terán lugar con periodicidade quincenal, o primeiro e o terceiro xoves, non festivos, de cada mes, ás 13,00 horas, no Salón de Sesións do Concello. No caso de que o xoves sexa inhábil, a Xunta de Goberno Local poderá celebrarse outro día da mesma semana así convido por unanimidade dos membros da Xunta.

TERCEIRO. Corresponde á Xunta de Goberno Local, ademais da asistencia permanente á Alcaldesa no exercicio das súas atribucións, as seguintes competencias que se delegan:

3.1. Dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos e obras municipais.

3.2. O desenvolvemento da xestión económica de acordo co Orzamento aprobado, dispoñer gastos dentro dos límites da súa competencia, ordenar pagos e render contas; todo iso de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.

3.3. Aprobar a oferta de emprego público de acordo co Orzamento e o plantel de persoal aprobados polo Pleno, aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo e distribuír as retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.

3.4. Sancionar as faltas de desobediencia á súa autoridade ou por infracción das ordenanzas municipais, salvo nos casos en que tal facultade estea atribuída a outros órganos.

3.5. A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.

3.6. As aprobacións dos instrumentos de plan de desenvolvemento do plan xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

3.7. O outorgamento de licencias, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno, coa excepción dos permisos referidos a festexos populares e acampadas cuxo outorgamento sexa competencia da Alcaldía.

3.8. A liquidación de toda clase de tributos e demais ingresos de dereito público locais, naqueles supostos nos que a realización do feito impositivo estea estreita e inequivocamente vinculado coas competencias delegadas na Xunta de Goberno Local (isto é: licencias...).

3.9. A concesión de licencias de obras e de actividade, así como a emisión dos oportunos informes que se deberán incluír nestes expedientes.

3.10. A resolución dos expedientes de apertura e de cambio de titularidade de establecementos.

3.11. Ordenar a publicación, execución e facer cumprir os acordos do Concello.

CUARTO. Notificar persoalmente a presente resolución aos designados, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa; e remitir a Resolución do nomeamento ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación no mesmo, igualmente publicar a Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da firma da resolución pola Alcaldesa.

QUINTO. Dar conta ao Pleno do Concello desta resolución na primeira sesión que se celebre.

DECRETO DE NOMEAMENTO DOS TENENTES DE ALCALDE:

[...]

PRIMEIRO.- Nomear Tenente de Alcalde do Concello de Antas de Ulla ao seguinte concelleiro membro da Xunta de Goberno Local deste Concello:

- 1º. TENENTE DE ALCALDE: D. José Manuel Quintá Rojo

Ao Tenentes de Alcalde, en canto tal, corresponderalle substituír a esta Alcaldía na totalidade das súas funcións e por orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que lle imposibilite para o exercicio das súas atribucións, de conformidade co disposto no artigo 47 do Real Decreto 2568/1986.

SEGUNDO.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno na primeira sesión que se celebre, notificándose, ademais, persoalmente ao designado e ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó da presente Resolución.

DECRETO DE ATRIBUCIÓN DELEGADAS A CONCELEIROS:

[...]

PRIMEIRO.- Delegar as seguintes funcións aos concelleiros que se citan a continuación:

- D. José Manuel Quintá Rojo: Concelleiro Delegado de Cultura e Deportes.
- D.ª Ana María Guerreiro Gómez: Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Xuventude, Familia e Participación Cidadá.
- D. José Ouro Mariño: Concelleiro Delegado de Servizos Municipais, Medio Rural e Promoción do Territorio.
- D. José Manuel Almuiña Guerreiro: Concelleiro Delegado de Obras e Infraestruturas.

Estas delegacións comprenden a dirección e xestión das áreas encomendadas, sen facultades de resolución mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

SEGUNDO.- A Alcaldía, en calquera momento, pode asumir as atribucións delegadas nesta Resolución, sen prexuízo da súa avocación conforme á lexislación do procedemento administrativo común.

TERCEIRO.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno na primeira sesión que se celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos designados e ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó da presente Resolución.

DECRETO DE NOMEAMENTO DE TESOUREIRO:

[...]

PRIMEIRO.- Nomear como Tesoureiro do Concello de Antas de Ulla ao funcionario de carreira D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, por contar coa preparación técnica axeitada.

SEGUNDO.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno na sesión extraordinaria organizativa da nova Corporación Municipal, que se celebrará dentro do prazo máximo de trinta días a contar dende o día 17 de xuño de 2023, e publícala no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da presente Resolución.

TERCEIRO.- Comunicar aos bancos, caixas e establecementos análogos nos que este Concello ten depositados os seus fondos o nomeamento de Tesoureiro aos efectos oportunos.

Antas de Ulla, a 28 de xuño de 2023.- A alcaldesa, María Pilar García Porto.

R. 2082

Anuncio

De conformidade con acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria urxente celebrada o día 28 de xuño de 2023, faise pública a convocatoria para a selección de persoal laboral temporal para prevención e defensa contra incendios forestais 2023, ao abeiro do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL, CONCELLO DE ANTAS DE ULLA, PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DURANTE O ANO 2023-2024, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (PDR) DE GALICIA 2014-2020, estando integrada cada brigada por:

- Un xefe de brigada
- Tres peóns de Brigada
- Un peón condutor de brigada con carné B

Lugar e prazo de presentación de solicitudes: no Rexistro do Concello de Antas de Ulla, en horario de 9 a 14 horas, de luns a venres, ou por calquera dos medios que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Cando as solicitudes se presente fóra do rexistro do Concello, co fin de axilizar os trámites, deberán remitir comunicación por fax (982379100) ou ao correo electrónico concello.antasdeulla@eidolocal.es comunicando a presentación da solicitude, co selo de Correos ou do rexistro correspondente, antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación será de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio desta Convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Requisitos: os establecidos nas bases das convocatorias que se atopan a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Antas de Ulla (<https://concellodeantas.sedelectronica.gal>).

Antas de Ulla, a 28 de xuño de 2023.- A alcaldesa, María Pilar García Porto.

R. 2083

CERVO

Anuncio

CONVOCATORIA PARA O PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA PARA A SUBSTITUCIÓN DE PERSOA TRABALLADORA CON RESERVA AO POSTO DE TRABAJO, DE UN (1) TÉCNICO SUPERIOR EN EDUCACIÓN INFANTIL PARA ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL DO CONCELLO DE CERVO AO 60% DA XORNADA.

De conformidade co decreto de Alcaldía número 2023 - 0597 de data 23 de xuño de 2023, faise pública a convocatoria para o proceso de selección para a contratación de persoal laboral temporal, mediante contrato de duración determinada para a substitución de persoa traballadora con reserva do posto de traballo, de un (1) Técnico Superior en Educación Infantil, para substituír a unha traballadora durante o seu permiso por nacemento de fillo, para a escola de Educación Infantil do Concello de Cervo ao 60% da xornada.

A convocatoria e as bases aprobadas están a disposición dos interesados no Rexistro Xeral do Concello de Cervo e na súa páxina web www.concellodecervo.com

O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Cervo, 29 de xuño de 2023.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 2084

O CORGO

Anuncio

Rematado o prazo de presentación de instancias para participar no proceso selectivo convocado para a selección dun personal técnico de atención á infancia, e non habendo ningún/na candidato/a excluído/a, procede por razón de eficacia elevar a lista de admitidos/as a definitiva, que está formada polas seguintes persoas:

LISTA DE ADMITIDOS

NOME	DNI	EXAMEN GALEGO
GONZALEZ RUBAL CARMEN	**2806***	EXENTA
QUINTANILLA GONZALEZ ELISA LURDES	**7156***	EXENTA
LOPEZ GARCIA EREA	**5544***	EXENTA
COUTO RODRIGUEZ M ^a TERESA	**3474***	EXENTA
CAPON FERNANDEZ VANESSA	**5516***	EXENTA
GRANDIO MOSTEIRO BEATRIZ	**5596***	EXENTA
ÁLVAREZ FERNÁNDEZ ALICIA	**3398***	EXENTA
PEREZ TATO ESTER	**5584***	EXENTA
RODRIGUEZ CAPON MARTA	**2828***	EXENTA
ABUIN ABUIN MARIA	**3026***	EXENTA
AMADO FERREIRO ALBA MARIA	**2902***	EXENTA
SEREN SEREN ISABEL	**5375***	EXENTA
VALLE LOVELLE RAQUEL	**3451***	EXENTA
VIDAL SANTISO RAQUEL	**9551***	EXENTA
JIMENEZ CASTRO ROCIO	**5755***	EXENTA
MENDOZA RESCO MARIA SONIA	**3230***	EXENTA

O feito de figurar nesta relación non prexulga que lles recoñeza a posesión dos requisitos esixidos no procedemento convocado.

Así mesmo, de conformidade coa base sexta das que rexen o procedemento citado se nomea o seguinte tribunal:

TRIBUNAL:

- Presidente: Xesús Ferreiro Núñez, profesor de educación secundaria, especialidade en intervención socio comunitaria.
- Secretario: Marco A. García Gabilán Sangil, Secretario do Concello do Corgo.
- 1º vogal: Sara Fernández Rey, maestra de educación infantil CEIP do Corgo.
- 2º vogal: Aurora Naveira Pose, directora da escola infantil.
- 3º vogal: María González Abelaira, maestra do CPI de Catroverde.

SUPLENTES:

- Do Presidente: Miguel Basadre Basadre, profesor técnico de FP especialista do servizo á comunidade.
- Do secretario: Ana María Rivas García, secretaria do Concello de Becerreá.
- Do 1º vogal: Jesús Comuñas Seoane, mestre de educación infantil no Ceip do Corgo

-Do 2º vogal: Maria del Mar Vázquez, mestra de educación infantil do CEIP do Corgo.

-Do 3º vogal: Dolores Santiso Casal, directora da escola infantil.

O citado Tribunal deberá constituirse o 10 de xullo de 2023 ás 12:00 na Casa do Concello do Corgo.

O Corgo, 4 de xullo de 2023.- O ALCALDE, Felipe Labrada Reija.

R. 2127

FRIOL

Anuncio

En cumprimento do disposto no art. 75 da lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local, faise público que o Pleno do Concello, na sesión extraordinaria celebrada o 23 de xuño (para dar cumprimento ao establecido no art. 38 do Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro) polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais) adoptou os acordos que a continuación se transcriben:

ASIGNACIÓN DE DEDICACIÓNS A MEMBROS DA CORPORACIÓN.- Ao abeiro do establecido no art. 13 do Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro (Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais), os membros das Corporacións Locais terán dereito a percibir, con cargo ao presuposto da entidade local, as retribucións e indemnizacións que correspondan. No art. 75 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, establece que os membros das corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva. No mesmo artigo refírese a que os membros das corporacións locais, que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial, por realizar función de presidencia, vicepresidencia, ou ostentar delegacións ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva ás mesmas. Nos acordos plenarios de determinación dos cargos que leven aparelada esta dedicación parcial e as retribucións dos mesmos, deberá conterse o réxime da dedicación mínima necesaria.

Na Lei 31/2022 de 23 de decembro, de presupostos xerais do Estado para 2023, actualízanse os límites máximos actuáis, en relación co réxime retributivo dos membros das corporacións locais.

Á vista do anteriormente exposto, propónse ao Pleno, establecer como cargos que levarán aparelada réxime de dedicación os seguintes para a presente lexislatura:

- *“A Alcaldía-Presidencia, que será desempeñada por Don José Ángel Santos Sánchez, en réxime de dedicación exclusiva, retribuirase cun importe bruto anual de 46.464,02€, distribuído en 12 pagas ordinarias e 2 extraordinarias nos meses de xuño e decembro. Quen ostente o cargo darase de alta no réxime xeral da Seguridade Social, asumindo o concello a cota empresarial que corresponda. O importe da dedicación actualizarase anualmente conforme ás previsións que nas Leis de Presupostos do Estado se determinen para o persoal da administración pública. Elo sen prexuízo do recoñecemento da compatibilidade coa actividade profesional de gandería, por entender que non impide o estrito cumprimento dos deberes da Alcaldía, que terá carácter preferente. A actividade privada non compromete a súa imparcialidade e independencia, así como que non afecta ningunha das circunstancias que fan incompatible o exercicio de actividades privadas recollidas na lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. A declaración de recoñecemento da compatibilidade inscribirase no rexistro de intereses e quedará sometida ao réxime de publicidade nos termos legalmente establecidos.*
- *A Delegada da Alcaldía, de Desenvolvemento local, Cultura, Turismo e Sanidade, que será desempeñada pola concelleira María de los Ángeles Burgo Buján, en réxime de dedicación parcial, do setenta e cinco por cento da xornada, que se retribuirá cun importe bruto anual de 26.660,06€, distribuído en 12 pagas ordinarias e 2 extraordinarias nos meses de xuño e decembro. Quen obstante o cargo darase de alta no réxime xeral da Seguridade Social, asumindo o concello a cota empresarial que corresponda.*
- *Ao Delegado de Emerxencias, Servizos Rurais, Traballo e Novas Tecnoloxías, que será desempeñado polo concelleiro Enrique Barreiro Sánchez, en réxime de dedicación parcial, do vinte e cinco por cento da xornada, que se retribuirá cun importe bruto anual de 7.579,74€€, distribuído en 12 pagas ordinarias e 2 extraordinarias nos meses de xuño e decembro. Quen obstante o cargo darase de alta no réxime xeral da Seguridade Social, asumindo o concello a cota empresarial que corresponda.*
- *A efectividade do acordo, será con efectos ao inicio da actual lexislatura, xa que de conformidade co disposto na vixente lexislación, poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos das administracións públicas, cando produzan efectos favorables ao interesado, sempre que os supostos de feitos existiran xa na data á que se retrotraiga a eficacia do acto e ésta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas.*

O importe das dedicacións actualizarase anualmente conforme ás previsións que nas Leis de Presupostos do Estado se determinen para o persoal da administración pública.

- *Todo elo, de conformidade co réxime de incompatibilidades previsto na lei 53/84 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e demais normativa de aplicación”.*

Á vista da proposta anteriormente transcrita, da lexislación aplicable e das consideracións ao respecto, sen que polos señores concelleiros se desexen facer intervencións ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por dez votos a favor (do Sr. Alcalde e dos concelleiros do Grupo Popular) e coa abstención da concelleira do Grupo Mixto Sra. Pardo Lorenzo) ACORDA

- Prestar aprobación á proposta da Alcaldía sobre asignacións de dedicacións a membros da corporación, nos termos expresados na mesma, na que se recollen o réxime de dedicacións e as retribucións asignadas.
- Todo elo sen prexuízo de que á vista dos acordos adoptados, se proceda ás adaptacións dos créditos presupostarios, procedendo se para elo fose necesario a tramitación das modificacións de crédito oportunas, en relación co orzamento aprobado para o presente exercicio.

Unha vez que se procede á votación, polo Sr. Alcalde proclamouse seguidamente o acordo adoptado.

ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS AOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.- Ao abeiro do establecido no art. 75 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, soamente os membros da corporación que non teñan nin dedicación exclusiva nin parcial, percibirán asistencias pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, na coantía sinalada polo pleno. Ademais, os membros das corporacións locais, percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas administracións públicas e as que en desenvolvemento das mesmas, aprobe o Pleno Corporativo. As corporacións locais consignarán nos seus orzamentos as retribucións, indemnizacións e asistencias, debendo publicarse íntegramente no Boletín Oficial da Provincia, e fixarse no taboleiro de anuncios da corporación os acordos plenarios ao respecto.

En relación coas indemnizacións dos membros da corporación, proponse ao Pleno a adopción do acordo de cantidades destinadas a asistencias e indemnizacións aos membros da corporación, de conformidade a continuación se transcribe:

“1.- Por asistencias a sesións plenarias, os concelleiros que non teñan dedicación exclusiva nin parcial, recibirán por asistencia a sesión unha indemnización de 120,00€ por sesión.

2.- Por asistencia á Xunta de Goberno Local, a comisións e reunións de órganos colexiados dos que formen parte, os concelleiros que non teñan dedicación exclusiva nin parcial, percibirán unha indemnización de 80,00€ por cada asistencia.

No suposto de que coincidan na mesma data varias sesións, soamente se devengará asistencia pola sesión para a que se establece unha indemnización de maior coantía.

3.- Comisión de servizos.- cumprindo en todo caso os criterios establecidos no art. 12 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

- *Dieta completa: 180,00€: sería aquela que requirira unha dedicación de xornada completa con pernocta fora do enderezo.*
- *Media dieta: 90,00€: sería aquela que requirira a saída fora da provincia ou unha dedicación de mais de media xornada.*
- *Dieta reducida: 45,00€: viaxes fora do concello, que requiriran unha dedicación non superior á media xornada.*

4.- Kilometraxe: os gastos de locomoción que se produzan como consecuencia de desprazamentos por comisión de servizos ou xestións oficiais dispostos pola corporación, para o desenvolvemento de tarefas inherentes ao cargo, polo seu Presidente ou outros órganos competentes, serán aboados previa a presentación dos correspondentes xustificantes. No caso de utilización para o desprazamento de vehículo propio, farase efectiva a razón de 0,25€/km percorridos.

A xustificación das indemnizacións farase mediante a presentación de declaracións responsables no membro da corporación, na que figurará o día, hora de saída e chegada, lugar, motivo de desprazamento e vehículo no seu caso empregado”.

Á vista da proposta anteriormente transcrita, da lexislación aplicable e das consideracións ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por dez votos a favor (do Sr. Alcalde e dos concelleiros do Grupo Popular) e coa abstención da concelleira do Grupo Mixto Sra. Pardo Lorenzo ACORDA prestar aprobación á proposta da Alcaldía sobre asistencias e indemnizacións aos membros da Corporación.

Unha vez que se procede á votación, polo Sr. Alcalde proclamouse seguidamente o acordo adoptado.

DOTACIÓNS ECONÓMICAS A GRUPOS POLÍTICOS.- No art. 73 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dispónse que o Pleno da Corporación, con cargo aos presupostos anuais da mesma, poderá asignar aos grupos políticos unha dotación económica, que deberá contar cun compoñente fixo e outro variable, en función do número de membros de cada un deles, dentro dos límites que, no seu caso, establezan as Leis de Presupostos Xerais do Estado, sen que poidan destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación, nin á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial

Á vista do disposto no artigo de referencia, proponse ao Pleno a adopción do acordo de “MANTER AS CANTIDADES APLICADAS Á DOTACIÓN ECONÓMICA A GRUPOS POLÍTICOS, APLICANDO AS MESMAS DAS LEXISLATURAS 2007-2011/ 2011-2015/ 2015/2019 e 2019/2023, conforme a continuación se transcriben:

1.- A dotación ós Grupos Políticos, será en función das seguintes coantías:

- Unha cantidade fixa de 60€ mensuais por Grupo.
- Unha cantidade variable, en función do número de concelleiros, de 100€ mensuais por cada concelleiro.

2.- Os pagos aos Grupos faranse con carácter mensual, con efectos desde a constitución dos grupos políticos na actual lexislatura, xa que de conformidade co disposto na vixente lexislación, poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos das administracións públicas, cando produzan efectos favorables ao interesado, sempre que os supostos de feitos existiran xa na data á que se retrotraiga a eficacia do acto e ésta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas.

3.- O importe da dotación establecida non poderá destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación, ou a adquisición de bens que poidan constituir activos fixos de carácter patrimonial, xa que a súa finalidade e a atención aos gastos de funcionamento do grupo municipal e limitativa en canto a determinados usos, prohibidos pola Lei.

4.- Os grupos políticos municipais son entidades diferenciadas dos partidos políticos e deberán de dispor de CIF.

5.- Os Grupos deberán levar unha contabilidade específica da dotación establecida, que deberá respectar os principios xerais establecidos na lexislación vixente ao respecto, así como nos acordos adoptados polo Pleno do Concello, como en materia de rendición de contas, que permitan en todo momento coñecer a súa situación financeira e patrimonial e o cumprimento das obrigas previstas na lei. A mesma poñerase a disposición do Pleno do Concello, sempre que éste o solicite, así como á fiscalización do órgano interventor, debendo aportar a correspondente memoria, documentación contable e xustificantes, que permitan verificar que os fondos se aplican ás finalidades previstas na normativa. No caso de non ser xustificadas axeitadamente, deberán ser obxecto de reintegro á favor da entidade local. En todo caso, previamente ao pagamento das dotacións presentarase declaración responsable sobre o uso das mesmas.

5.- As aportacións aos grupos políticos das entidades locais, atopáanse suxeitas ao principio de publicidade activa e ao dereito de acceso á información dos cidadáns, de conformidade co disposto na lexislación vixente, sobre transparencia, acceso a información pública e bo goberno”.

Á vista da proposta anteriormente transcrita, da lexislación aplicable e das consideracións ao respecto, sen que polos señores concelleiros se desexen facer intervencións ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por dez votos a favor (do Sr. Alcalde e dos concelleiros do Grupo Popular) e coa abstención da concelleira do Grupo Mixto Sra. Pardo Lorenzo ACORDA prestar aprobación á proposta da Alcaldía sobre asignación dotacións económicas aos grupos políticos.

Unha vez que se procede á votación, polo Sr. Alcalde proclamouse seguidamente o acordo adoptado.

O que se fai público, para xeral coñecemento e aos efectos oportunos, á vista do disposto na vixente lexislación.

Friol 28 de xuño de 2023.- O alcalde –presidente, José Ángel Santos Sánchez.

R. 2085

O VICEDO

Anuncio

Tendo finalizado o mandato 2019-2023 como consecuencia das eleccións municipais celebradas o pasado día 28 de maio de 2023, en cumprimento do establecido no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, faise público que as declaracións de bens e actividades dos membros da Corporación atópanse a disposición dos cidadáns de conformidade co disposto no citado precepto legal e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

O Vicedo, a 29 de xuño de 2023.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 2086

Anuncio

DON JOSÉ JESÚS NOVO MARTÍNEZ, ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO, PROVINCIA DE LUGO,

No exercicio das atribucións que me confire o artigo 21.3 da lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, modificada por Lei 11/1999, de 21 de abril, e Lei 57/2003, de 16 de decembro, en relación co art.

43.1.2 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/86, de 28 de novembro, e despois de terse celebrado eleccións municipais o pasado día 28 de maio de 2023 e sesión plenaria de organización do Concello o día 28 de xuño de 2023, veño en delegar na Xunta de Goberno Local as atribucións que máis abaixo se relacionan, a saber:

- Ditar circulares e instrucións do servizo.
 - O desenvolvemento da xestión económica de conformidade co presuposto aprobado, dispor gastos dentro dos límites da miña competencia, ordear pagamentos e rendir contas.
 - Aprobación da liquidación do presuposto municipal.
 - Aprobación da oferta de emprego público de conformidade co presuposto e o cadro de persoal aprobados polo Pleno do Concello, aprobar as bases das probas para a selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo, agás cando se trate da contratación de personal laboral temporal, distribuír as retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas e o nomeamento de persoal.
 - As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ó Pleno do Concello, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
 - Sancionar as fallas de desobediencia á autoridade ou por infracción das ordenanzas municipais, agás nos supostos nos que esta facultade estea atribuída a outros órganos.
 - A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no presuposto.
 - O outorgamento de licenzas, agás que as leis sectoriais o atribúan expresamente ó Pleno do Concello ou á Xunta de Goberno Local.
 - A concesión de autorizacións relativas ó aproveitamento especial de dominio público.
 - Aprobación de liquidacións que en aplicación das ordenanzas reguladoras de tributos e prezos públicos municipais se deriven do outorgamento de licenzas e autorizacións referidas nos apartados anteriores.
 - Aprobación de informes urbanísticos.
 - As contratacións de obras, de sumministracións, de servizos, de concesión de obras, concesión de servizos, os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de tódalas súas anualidades non superen nin a porcentaxe indicada, referido os recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.
 - A competencia para a celebración dos contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o presuposto base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, non supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe e a contía indicados.
 - En materia de subvención concedidas polo Concello do Vicedo:
 - 1.- En caso de achegas sometidas ó principio de libre concorrencia: a aprobación das convocatorias públicas, independentemente do importe destas, así como a distribución individual das achegas que se concedan ao abeiro das mesmas.
 - 2.- En caso de achegas nominativas: a súa autorización e concesión, independentemente do importe destas, e sempre que esta non estea reservada ó Pleno do Concello.
 - 3.- En ambos casos: a aprobación das xustificacións presentadas polos beneficiarios.
 - Aquelas outras atribucións que expresamente me sexan atribuídas polas leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das comunidades autónomas asignen ó municipio e non sexan atribuídas a outro órgano municipal.
- A presente delegación de atribucións surtirá efectos dende o día da data, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.
- Dése conta da presente resolución ó Pleno do Concello na primeira sesión ordinaria que celebre.
- Mándao e asíno o Sr. Alcalde - Presidente; en O Vicedo a vinte e nove de xuño de dous mil vinte e tres.
- O Vicedo, a 29 de xuño de 2023.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

Anuncio

O Pleno do Concello, na sesión extraordinaria celebrada o día 28 de xuño de 2023, o abeiro do disposto no artigo 22.4 da Lei 7/85, de 2 de abril, e reguladora de bases de réxime local, modificada por Lei 11/1999, de 21 de abril e Lei 57/2003, de 16 de decembro, acordou, por maioría absoluta, delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións, a saber:

1.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:

- Resolución dos expedientes de investigación da situación dos bens e dereitos que se presuman de propiedade municipal.
- Resolución dos expedientes tramitados para a recuperación da posesión dos bens de dominio público e patrimoniais do Concello.
- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.
- A declaración de lesividade dos actos do Concello.
- A concertación de operacións de crédito cando a súa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 % dos recursos ordinarios do orzamento- excepto as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 % dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior- todo iso de conformidade co preceptuado na Lei reguladora das facendas locais.
- As contratacións de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos, e os contratos administrativos especiais cando o seu valor estimado supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento e, en todo caso, a contía de 6.000.000,00 de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración sexa superior a 4 anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades supere a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, e á contía sinalada.
- A competencia do Pleno do Concello para a celebración dos contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre os bens municipais e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos a lexislación patrimonial cando o presuposto base de licitación, nos termos definidos no art. 100.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto e o importe de 3.000.000,00 de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor supere a porcentaxe e a contía indicados, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor.
- A aprobación dos proxectos de obras e/ou servizos e, cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.
- Solicitud de calquera tipo de subvención ou axuda económica destinada á execución de obras, servizos ou subministracións, respecto daquelas para as que se esixa acordo plenario.
- Aceptación das axudas e subvencións outorgadas con motivo das solicitudes tramitadas en exercicio da delegación a que fai referencia o parágrafo anterior.
- Aqueloutras que expresamente lle atribúan as leis, salvo as que requiran un quórum especial dos membros da Corporación para a adopción dos acordos.

2.- A presente delegación de atribucións surtirá efectos a partir do día seguinte ao da adopción do preceptivo acordo municipal, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

O Vicedo, a 29 de xuño de 2023.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 2088

Anuncio

DON JOSÉ JESÚS NOVO MARTÍNEZ, ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO, PROVINCIA DE LUGO,

No exercicio das atribucións que me confire o artigo 61.3 da lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, en relación co artigo 43 e ss. do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/86, de 28 de novembro, e despois de terse celebrado eleccións municipais o pasado día 28 de maio de 2023,

RESOLVO

1.- Delegar nos Sres. Concelleiros que de seguido se relacionan as atribucións que a continuación se describen:

- a Dona María del Pilar Otero Insua: a delegación de Asuntos Sociais, Educación Protección Civil e Cultura.
- b Don Modesto Riveira Fernández: a delegación de Asuntos Marítimos, Turismo e Festexos e Deportes.

- c Don José Ángel Canoura Iglesias: a delegación de Medio Ambiente, Urbanismo de Montes.
- d Don Balbino Trasancos González: a delegación de Medio Rural, Pistas, Gandería e Agricultura.

As delegacións abranguen a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes, sen incluír as facultades de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

A delegación de atribucións surtirá efectos dende o día da data, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, da notificación persoal correspondente e da oportuna dación de conta ó Pleno do Concello na primeira sesión que celebre.

Mándao e asínao o Sr. Alcalde - Presidente, don José Jesús Novo Martínez, no Vicedo a vinte e dous de xuño de dous mil vinte e tres

O Vicedo, a 29 de xuño de 2023.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 2089

Anuncio

DON JOSÉ JESÚS NOVO MARTÍNEZ, ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO, PROVINCIA DE LUGO,

No exercicio das atribucións que me confire o artigo 65.1 da lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, en relación co artigo 52 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/86, de 28 de novembro, e despois de terse celebrado eleccións municipais o pasado día 28 de maio de 2023 e creada a Xunta de Goberno Local por acordo do Pleno do Concello de 28 de xuño de 2023, veño a nomear como membros deste órgano ós Sres. Concelleiros que máis abaixo se dirán, a saber:

- Dona María del Pilar Otero Insua
- Don Modesto Riveira Fernández
- Don José Ángel Canoura Iglesias

Procédase de conformidade co preceptuado no art. 46.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Mándao e asínao o Sr. Alcalde - Presidente; en O Vicedo a vinte e nove de xuño de dous mil vinte e tres.

O Vicedo, a 29 de xuño de 2023.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 2090

Anuncio

O Pleno do Concello, na sesión extraordinaria celebrada o día 28 de xuño de 2023, acordou recoñecer dedicación parcial á Sra. Concelleira delegada de asuntos sociais, educación, protección civil e cultura, dona María del Pilar Otero Insua, co seguinte réxime de retribucións e horario, a saber:

- Retribucións: 19.569,62 euros brutos/anuais, a percibir dende o día 29 de xuño de 2023, en catorce pagas mensuais, sendo dada de alta no réxime xeral da seguridade social e asumindo a Corporación Municipal o pagamento das cotas empresariais que correspondan.
- Horario de dedicación parcial: de 09:30 a 13:30 horas, de luns a venres.

O Vicedo, a 29 de xuño de 2023.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 2091

Anuncio

DON JOSÉ JESÚS NOVO MARTÍNEZ, ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO, PROVINCIA DE LUGO,

No exercicio das atribucións que me confire o artigo 61.2 da lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, en relación co artigo 46 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/86, de 28 de novembro, e despois de terse celebrado eleccións municipais o pasado día 28 de maio de 2023,

RESOLVO

1.- Nomear Tenentes de Alcalde, e pola seguinte orde, ós Sres. Concelleiros desta Corporación que máis abaixo se relacionan:

Primeiro Tenente de Alcalde: dona María del Pilar Otero Insua

Segundo Tenente de Alcalde: don Modesto Riveira Fernández.

Terceiro Tenente de Alcalde: don José Ángel Canoura Iglesias

2.- Notifíquese ós interesados e publíquese no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó da sinatura da presente resolución.

Procédase de conformidade co preceptuado no artigo 46.1 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde – Presidente, don José Jesús Novo Martínez, no Vicedo a vinte e dous de xuño de dous mil vinte e tres.

O Vicedo, a 29 de xuño de 2023.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 2092

VILALBA*Anuncio*

Faise público que na sesión extraordinaria celebrada polo Pleno do Concello o día 28 de xuño do 2023, deuse conta dos grupos políticos constituídos na Corporación municipal, *constituída na sesión celebrada o 17 de xuño deste ano, con motivo das Eleccións Municipais do pasado 28 de maio*, así como do/a voceiro/a ou voceiros/as da cada un deles e dos/as suplentes, do que este órgano quedou enterado, transcribíndose de seguido o seu contido:

Toma de razón da composición e creación dos grupos políticos municipais.

De conformidade cos arts. 24 e 25 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) e 74 e 75 da Lei 5/97 de Administración Local de Galicia e 73.3 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dáse conta ao Pleno dos grupos políticos constituídos na Corporación municipal, así como do/a voceiro/a ou voceiros/as de cada un deles e dos/as suplentes, insertándose de seguido a súa composición:

GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR – PP:

- Voceira: dona Sandra Vázquez Domínguez.
- Vice-voceira 1ª: dona Sandra López Rodríguez.
- Vice-voceiro 2º: don José M.ª García-Leira Boado.

GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PsdeG-PSOE:

- Voceira: dona María Marta Rouco Seoane.
- Suplentes: don Eduardo Vidal Baamonde, don Luis Fernández Álvarez, dona Paula Vigo Lamas e dona María Elba Veleiro Fernández.

GRUPO MUNICIPAL DE VILALBA ABERTA – VA:

- Voceiro: don Modesto Renda Santiso.

GRUPO MUNICIPAL MIXTO:

- Voceiro: don Constantino Alvite Muínelo.

Vilalba, 29 de xuño de 2023.- A alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 2093

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/35743

Asunto: Solicitud de concesión de aprovechamiento de aguas

Peticionario: Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais

Nombre de la captación: Dos manantiales

Caudal solicitado: 20,06 m³

Punto de emplazamiento: A Raiña, parroquia de Martín (San Cristovo)

Término Municipal y Provincia: Bóveda (Lugo)

Destino: Extinción de incendios

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

Las captaciones se realizan mediante dos arquetas desde donde se conducirán las aguas al depósito contra incendios de 20,06 m³ de capacidad.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Bóveda, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

Teniendo en cuenta la situación actual en lo que respecta a la exposición a coronavirus y a los riesgos sanitarios derivados por el contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

Lugo, 28 de junio de 2023.- EL JEFE DE SERVICIO, José Miguel Veigas Méndez.

R. 2094